

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Día das Letras

Unha fundación para o "buscador de tesouros"

Os fillos de Álvarez Blázquez poderían crear unha fundación para gardar o legado de seu pai, sempre que atopen os apoios suficientes.

Redacción - 09:00 15/05/2008

Os fillos de Xosé María Álvarez Blázquez anunciaron durante unha homenaxe que a Universidade de Santiago de Compostela ([USC](#)) lle fixo a seu pai, que están dispostos a crear unha fundación a través da que difundir o amplo legado que o poeta, filólogo e arqueólogo deixou durante todos os seus anos de traballo a prol do galego.

Alfonso Álvarez Cáccamo admitiu a "inmensa felicidade" que supuxo para a familia a noticia de que lle fose dedicado o Día das Letras a seu pai, xa que permite "dinamizar" esta data marcando unha "nova ruta". A súa irmá Elena, recordou a visión de Álvarez Blázquez "como pai", mentres que Celso fixo reivindicou a figura como filólogo, arqueólogo e "buscador de tesouros" no ámbito da cultura, que era seu pai a propósito do libro que presentaba a USC.

O libro

Xosé María Álvarez Blázquez. Día das Letras Galegas 2008, presentouse o mércores nun acto no que participaron, ademais de tres dos cinco fillos do homenaxeado, o vicerreitor de Cultura da USC, Elías Torres, e o director do Departamento de Filoloxía Galega, Xosé Luís Regueira. Ademais a [Orquestra de Cámara Galega](#), estreou poemas do autor musicados por Roxelio Groba.